

# VIOLENCIA NIN NA RÚA, NIN NO TRABALLO, NIN NA CASA

Durante o mes de novembro veremos en máis dunha ocasión imaxes de mulleres vítimas da violencia, unha realidade que durante o resto do ano permanece agochada, agás polas novas de asasinatos ou agresións recollidas na prensa, que nos removen e indignan ao instante, mais que logo se esquecen, como se fálamos de sucesos puntuais e non dun problema social.

A meirande parte dos esforzos en combater a violencia machista céntranse nas vítimas e non en quen exerce a violencia, que é cara a quen debe poñerse o foco. Porque para previr a violencia hai que tratar de evitala na orixe, eliminando as súas causas estruturais, promovendo relacións de respecto e igualdade desde idades temperás. E isto será posíbel na medida en que o xénero masculino comece a cuestionarse o lugar que ocupa na sociedade, en que mulleres e homes interioricemos as desigualdades e rachemos coas normas sociais que perpetúan o control e o poder que os homes exercen sobre as mulleres e reforzan a tolerancia cara á violencia machista. Un cuestionamento que pasa por identificar esas condutas, sexan propias ou por parte doutras persoas, e desbotalas. Por conseguir que a casa e os espazos públicos sexan máis seguros para as mulleres, garantindo a seguridade destas tamén nas súas relacións, no traballo e, en definitiva, nas súas vidas.

**Por iso propomos actuar nos seguintes eidos:**

## EDUCATIVO:

► Desenvolver materiais curriculares dende a educación temperá que reflectan e fomenten a igualdade efectiva entre mulleres e homes, eliminando estereotipos, discriminacións por motivos de orientación sexual e identidade de xénero e linguaxes sexistas. Promovendo a coeducación e formando as e os profesionais na educación para a prevención e resolución pacífica dos conflitos con obrigatoriedade de recursos de apoio diferenciados para os distintos ciclos formativos. Esta educación transversal é incompatíbel co actual marco legal en materia de educación, por iso instamos a unha derogación da LOMCE e pola creación dunha nova lei que incorpore a perspectiva de xénero.

## NO ÁMBITO SANITARIO:

► Formación do persoal na prevención, detección e visibilización das situacións que afectan á saúde das mulleres e que teñen como causa a violencia machista, para garantir que identifican os síntomas e poñen en marcha o protocolo de actuación.

► Dotación de medios, servizos e equipos profesionais necesarios para atender unha problemática que require de moitos recursos, fundamentalmente en atención primaria, unha atención que vén sufrindo continuos recortes por parte dos gobernos do Partido Popular.

## NO ÁMBITO POLICIAL E XUDICIAL:

- Urxe unha mellor coordinación entre as forzas de seguridade, de xeito que a instrución dos atestados sobre violencia de xénero sexa o axeitado. E ao tempo, deberá existir unha total coordinación cos servizos sociais e programas asistenciais.
- As denuncias deben ser elaboradas por parte de persoal especializado, dado que da avaliación do nivel de risco dependerá as medidas a adoptar por parte do xulgado.
- Investir en formación especializada ás e aos profesionais da xudicatura, maxistratura, fiscalía, secretarías xudiciais, medicina forense e das forzas e corpos de seguridade, especialmente no caso das e dos profesionais da quenda de oficio.
- Reforzar os xulgados de violencia de xénero, e non permitir o seus feche en períodos estivais.
- Garantir na quenda de oficio a asistencia letrada da vítima por parte da mesma profesional en todo o proceso.

## A NIVEL LABORAL:

- É preciso que nas empresas exista un **Protocolo de atención para traballadoras vítimas de violencia de xénero**, no cal figuren os seus dereitos laborais.
- Garantir e asegurar ás traballadoras vítimas o exercicio dos dereitos laborais e económicos e as prestacións da Seguridade Social que recolle a lexislación, avaliando as súas necesidades e impulsando melloras, ampliando o seu período de disfrute e aumentando as contías das prestacións económicas.
- Asegurar que as traballadoras vítimas de violencia en situación de IT por enfermidade ou accidente causada pola situación de violencia de xénero, teñan dereito a unha prestación económica do 100% da BR.
- Negociar en todas as empresas e administracións un **Protocolo de prevención e actuación en materia de acoso sexual**, laboral e por razón de sexo e diversidade sexual, que deberán ser negociados coas delegadas e delegados sindicais e de libre disposición e coñecemento de todo o persoal.

*Pero para que todo isto sexa unha realidade, fan falta medios, investimento público e, en definitiva, unha vontade real de mudar o status quo. A mobilización é o único camiño para conseguir estas esixencias. Por iso facemos un chamamento a participar nas mobilizacións convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres o 25 de novembro e nas concentracións en repulsa dos feminicidios convocadas ao día seguinte de saír publicada na prensa escrita un asasinato por mor da violencia machista en Galiza.*

**VIOLENCIA**  
NIN NA RÚA  
NIN NO TRABALLO  
NIN NA CASA

**Secretaría Confederal das Mulleres da CIG**

Alfonso Molina s/n, 8º andar - Edificio sindical  
15008 A Coruña

**Teléfonos:**

981 169 293 (centralíña) 981 900 633 (directo)

Fax. 981 151 539

**Correo:**

muller@galizacig.gal



**25** de novembro

**DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN  
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

**Nin na rúa  
nin no traballo  
nin na casa**

**VIOLENCIA**